

Sinatura do alcalde,

Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,

Federico Suárez Cancelo

**ACTA 2017/07 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE OROSO DO 18/08/2017**

No salón de plenos da Casa do Concello, ás 9:30 horas, coa asistencia de:

- 1 Mirás Franqueira, Manuel –alcalde– (PSdeG-PSOE)
- 2 Veiras Rey, Eduardo (PSdeG-PSOE)
- 3 Liste Raña, María del Carmen (PSdeG-PSOE)
- 4 Boo Martínez, Vanesa (PSdeG-PSOE)
- 5 Rodeiro Fernández, Beatriz (PSdeG-PSOE)
- 6 Rey Villaverde, Luis (PSdeG-PSOE)
- 7 Doval Expósito, Alexander (PP)
- 8 Iglesias Blanco, Josefina (PP)
- 9 Suárez García, Silvia (PP)
- 10 Mirás Liñares, Manuel Siverio (SON-ANOVA)
- 11 Pérez Penas, José Manuel (BNG)

Actúa como secretario do Pleno o secretario da Corporación D. Federico Suárez Cancelo. Asiste o interventor titular da Corporación D. Félix Manuel Carrasco del Pozo.

Non asisten os concelleiros D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) e D. Pablo Parga Villaverde (PP) sen que conste nesta Secretaría xustificación da ausencia.

Constitúese o Pleno da Excm. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE conforme á convocatoria e segundo a seguinte ORDE DO DÍA:

**I PARTE RESOLUTORIA**

- 1 Aprobar, se procede, a ratificación do carácter urxente da presente convocatoria.
- 2 Aprobar, se procede, a modificación orzamentaria por transferencia de crédito 2017/14.
- 3 Dación de conta da renuncia ao cargo de concelleiro presentada por D. Pablo Parga Villaverde (Rexistro de entrada núm. 2841/2017, do 02/08/2017).

O alcalde declara aberta a sesión en primeira e comeza a tratar a continuación os diferentes asuntos incluídos na orde do día:

**I PARTE RESOLUTORIA**

- i. Aprobar, se procede, a ratificación do carácter urxente da presente convocatoria.**

O Sr. Alcalde-Presidente da Corporación somete o carácter urxente da presente convocatoria á votación e ao Pleno por:

Votos a favor: once (6 do PSdeG-PSOE; 3 do PP; 1 de SON-ANOVA e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións: ningunha (0 votos).

Aproba o carácter urxente da presente sesión.

Sinatura do alcalde.

Sinatura do secretario.

Manuel Mirás Franqueira

Federico Suárez Cancelo

## 2. Aprobar, se procede, a modificación orzamentaria por transferencia de crédito 2017/14.

Logo de ver a proposta de acordo asinada con data do 11/08/2017 polo alcalde da Corporación e que di:

“Considerando a providencia de alcaldía de data 10 de agosto sobre inicio de expediente de modificación orzamentaria por transferencia de crédito poias contías que figuran no correspondente anexo para dotar de crédito orzamentario á partida destinada á adquisición dun brazo desbrozador para o novo tractor a adquirir mediante unha subvención da Deputación Provincial.

Visto o informe favorable da intervención municipal de data 10 de agosto sobre o expediente.

ACABO EN RESOLVER: Proponer ao Pleno do Concello, previo ditame favorable da Comisión especial de Contas:

1º) A aprobación inicial da modificación de créditos dentro do vixente presuposto de gastos para o exercicio 2017, mediante Transferencia de créditos, Núm. 14/17, co seguinte desglose:

### PARTIDAS QUE SE MINORAN

PARTIDA	CÓDIGO PROXECTO	CONCEPTO	IMPORTE
172.619.00	2017/4/PARQU/2	Protección e mellora do medio ambiente – Mantemento infraestruturas	6.000,00 €
323.622.00	2017/4/EDUCA/2	Funcionamento de centros docentes de ensinanza infantil e primaria – Edificios e novas construcións	17.000,00 €
		<b>Total modificación estados de GASTOS</b>	<b>23.000,00 €</b>

### PARTIDAS QUE SE INCREMENTAN

PARTIDA	CÓDIGO PROXECTO	CONCEPTO	IMPORTE
453.623.00	2017/2/OBRAS/1	Estradas – Adquisición maquinaria	23.000,00 €
		<b>Total modificación estado de GASTOS</b>	<b>23.000,00 €</b>

2º) **Dispoñe-la súa exposición ó público** durante o prazo de 15 días hábiles mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de reclamacións, conforme ó disposto no artigo 169 do TR 2/2004, Reguladora das Facendas Locais e o artigo 20.1 do Real Decreto 500.1990, de 20 de abril. Se ó termino do período de exposición pública non se presentasen reclamacións, considerarase definitivamente aprobado o orzamento ata entón provisional, inseríndose, resumido por



Sinatura do alcalde.

Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario.

Federico Suárez Cancelo

Capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 169.3 do TR 2/2004, Reguladora das Facendas Locais, en consonancia co artigo 20.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.”

Ábrese unha quenda de intervencións.

Toma a palabra D. Manuel Siverio Mirás Liñares (SON-ANOVA) quen manifesta a súa intención de absterse da presente votación.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que o seu grupo está de acordo na necesidade de renovar o tractor, pero quereda saber se o Sr. Alcalde lles podería concretar a que se fan a dedicar as partidas orzamentarias que agora se minoran.

O Sr. Alcalde-Presidente sinala que se minoran a partida de ambiente en 6.000 euros, e de centros docentes, en 17.000 euros. En concreto, os 6.000 euros estaban previstos para achegar a unha subvención que se prevía recibir para facer unha senda polo río Tambre, pero existe un problema xa que o Concello non dispón dos terreos, polo que tería que conseguilos e son moitos os propietarios. Así mesmo parte deles estarían dentro dunha unidade de actuación do PXOM e o secretario do Concello advertiu verbalmente que lles correspondía aos propietarios realizaren as obras cando se executase a unidade. Por iso non se pode levar a cabo a dita senda neste momento, que en todo o caso só se podería executar do refuxio cara arriba.

Toma a palabra D. José Manuel Pérez Penas (BNG), quen afirma que, mais aló das explicacións dadas polo alcalde, o certo é que o tractor do Concello é vello, e xa o era en 2007, “que logo pretendemos que os camiños estean limpos e nos queixamos polo estado destes camiños”; polo que considera que é necesario a adquisición dun novo tractor, alén de que igualmente se poida arranxar a senda do río Tambre que tamén sería necesario.

Ao non existiren máis intervencións, o Sr. Alcalde dá por rematado o debate e somete a proposta de acordo á votación e ao Pleno por:

Votos a favor: dez (6 do PSdeG-PSOE; 3 do PP e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: unha (1 SON-ANOVA) adopta o seguinte acordo:

1º) A aprobación inicial da modificación de créditos dentro do vixente presuposto de gastos para o exercicio 2017, mediante Transferencia de créditos, Núm. 14/17, co seguinte desglose:

#### PARTIDAS QUE SE MINORAN

PARTIDA	CÓDIGO PROXECTO	CONCEPTO	IMPORTE
172.619.00	2017/4/PARQU/2	Protección e mellora do medio ambiente – Mantemento infraestruturas	6.000,00 €
323.622.00	2017/4/EDUCA/2	Funcionamento de centros docentes de ensinanza infantil e primaria –	17.000,00 €



Sinatura do alcalde.

Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario.

Federico Suárez Canelo

		Edifícios e novas construcións	
		<b>Total modificación estados de GASTOS</b>	<b>23.000,00 €</b>

#### PARTIDAS QUE SE INCREMENTAN

PARTIDA	CÓDIGO PROXECTO	CONCEPTO	IMPORTE
453.623.00	2017/2/OBRAS/1	Estradas – Adquisición maquinaria	23.000,00 €
		<b>Total modificación estado de GASTOS</b>	<b>23.000,00 €</b>

2<sup>a</sup>) **Dispõe-se a súa exposición ó público** durante o prazo de 15 días hábiles mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de reclamacións, conforme ó disposto no artigo 169 do TR 2/2004, Reguladora das Facendas Locais e o artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril. Se ó termino do período de exposición pública non se presentasen reclamacións, considerarase definitivamente aprobado o orzamento ata entón provisional, inseríndose, resumido por Capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 169.3 do TR 2/2004, Reguladora das Facendas Locais, en consonancia co artigo 20.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

#### 3. **Dación de conta da renuncia ao cargo de concelleiro presentada por D. Pablo Parga Villaverde (Rexistro de entrada núm. 2841/2017, do 02/08/2017).**

Dáse conta ao Pleno da Corporación do escrito presentado por D. Pablo Parga Villaverde, DNI 44 835 436 H, concelleiro do Concello de Oroso polo grupo municipal do Partido Popular, o día 2 de agosto de 2017 (Rexistro de entrada núm. 2841/2017) no que formalizaba a renuncia voluntaria ao cargo que ocupa neste Concello desde que tomou posesión do cargo de concelleiro o día 13 de xuño de 2015 tras as eleccións locais realizadas o 24 de maio de 2015.

O Pleno da Corporación toma coñecemento da renuncia do citado concelleiro.

Polo tanto, á vista do disposto no artigo 182 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral, así como da Instrución do 10 de xullo de 2003 da Xunta Electoral Central de substitución de cargos representativos locais, ao existir unha vacante dun posto de concelleiro do Concello de Oroso solicitarase á Xunta Electoral Central que expida as credenciais acreditativas da condición de electo a favor do candidato seguinte na lista presentada polo grupo PP de Oroso, nas eleccións locais do 24/05/2015 (D. José Carlos Mosquera Boo), para os efectos de tramitar a substitución no cargo representativo.

Finalmente o Sr. Alcalde-Presidente quere dar as grazas a D. Pablo Parga Villaverde polo seu servizo como concelleiro desta Corporación desexándolle o mellor para o futuro e afirmando que aínda que ás veces as relacións políticas son duras no persoal, non se lle pode reprochar nada.

O Sr. Alcalde seguidamente remata a sesión, cando son as 09:40 horas, da que se estende a presente acta e eu como secretario dou fe do seu contido.




Sinatura do alcalde,

Manuel Mirás Franqueira



Sinatura do secretario,

Federico Suárez Cancelo



O alcalde,

Manuel Mirás Franqueira



O secretario,

Federico Suárez Cancelo



